

	<p style="text-align: center;">COLEXIO SAN NARCISO (MARÍN)  <b>Departamento de Matemáticas</b>  <b>Programación Didáctica</b></p>	<p style="text-align: center;"><b>INFORMACIÓN BÁSICA</b>  para pais/nais e alumnos/as de  <b>Matemáticas 1º ESO</b></p>	<p style="text-align: center;">CURSO  2009-2010</p>
---	---	---	---

**OBJECTIVOS XERAIS DO CURSO:**

- 1.- Manexar as operacións con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais.
- 2.- Resolver problemas con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais.
- 3.- Coñecer as prestacións básicas da calculadora elemental e facer un uso correcto dela.
- 4.- Coñecer os conceptos de potencia e raíz cadrada e e facer cálculos simples.
- 5.- Identificar as magnitudes e diferenciar as súas unidades de medida.
- 6.- Coñecer e aplicar técnicas para resolver problemas de proporcionalidade simple.
- 7.- Coñecer e utilizar as expresións alxébricas e os seus elementos.
- 8.- Recoñecer as distintas figuras xeométricas planas.
- 9.- Coñecer e aplicar os procedementos e as fórmulas para o cálculo de áreas e perímetros.
- 10.- Representar graficamente información estatística.
- 11.- Identificar sucesos aleatorios.

**COÑECEMENTOS MÍNIMOS PARA APROBAR A MATERIA**  
(Para lograr a adquisición das Competencias Básicas por parte do alumno/a)

- Criterios de divisibilidade. MCD e mcm.
- Cadrados perfectos e raíz cadrada exacta. Raíz cadrada enteira.
- As fraccións. Operacións con fraccións (suma, resta, multiplicación e división)
- Os números decimais. Operacións con números decimais (sumar, restar, multiplicar e dividir)
- Magnitudes directamente proporcionais. Regla de tres simple directa.
- Resolución de ecuacións sinxelas.
- Estadística (media e moda)
- Areas. Rectángulo, cadrado, paralelogramo, triángulo, trapecio, polígonos. Figuras circulares.
- Medidas de superficies. Unidades de superficie.

**TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

1ª Avaliación	Exame 1 (temas 1,2,3,4,5) Aproximadamente 4 de decembro de 2009
2ª Avaliación	Exame 2 (temas 6,7,8,9,10). Aproximadamente 12 de marzo de 2010
3ª Avaliación	Exame 3 (temas 10,11,12,13,14) Aproximadamente 4 de xuño de 2010

**LECTURAS E TRABALLOS QUE DEBERÁN REALIZAR OS ALUMNOS/AS:**

Estarán dirixidos ao **logro das competencias básicas polo alumnado**. Lectura do libro “Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números” colgado da páxina web do centro en DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS – MATEMÁTICAS – PLAN LECTOR. No 2º e 3º trimestre terán que facer un caderniño, elaborado polo profesor, e que se lle entregará fotocopiado e ademais estará tamén na web do centro en DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS – MATEMÁTICAS – EJERCICIOS E PROBLEMAS.

**PROCEDEMOTOS DE AVALIACIÓN:**

**Instrumentos de avaliación:**

- 1.- Observación do traballo diario na clase
- 2.- Corrección de cadernos e traballos
- 4.- Exame de varios temas
- 5.- Saídas ao encerado

**Sistemas de cualificación:**

Exame por trimestre, probas por cada tema e saídas ao encerado (matemática)  
Traballo na clase, traer os deberes feitos todos os días (autonomía e iniciativa persoal)  
Uso da calculadora, buscar e recoller información (tratamento da información e competencia dixital)  
Asistencia, atención, valores democráticos, comportamento... (social e cidadá)  
Utilizar conceptos e palabras clave da materia e ler e escribir con corrección (lingüística)  
Recoñecer o valor dos números na nosa sociedade (coñecemento e interacción co mundo físico)  
Valorar a aprendizaxe de razoamentos matemáticos (aprender a aprender)  
Recoñecer elementos numéricos, simetrías... en manifestacións artísticas (cultural e artística)

**Criterios de cualificación por competencias**

50% Matemática  
10% Social e cidadá  
10% Tratamento da información e dixital  
10% Comunicación Lingüística  
5% Coñecemento e interacción co mundo físico  
5% Cultural e artística  
5% Aprender a aprender  
5% Autonomía e iniciativa persoal

**RECUPERACIÓN:**

. Cada avaliación, o profesor calculará individualmente a calificación seguindo os procedementos de avaliación fixados, facendo fincapé nas porcentaxes do sistema de cualificación fixados por competencias.  
. Despois da 1ª e 2ª avaliación, á volta do Nadal e Semana Santa, farán unha proba para recuperar.  
. No caso da non promoción do alumno na convocatoria de xuño, o profesor elaborará unha guía personalizada de traballo para a recuperación do alumno ao longo do verán e encomendará a este a realización de traballos que deberá presentar no mes de setembro no mesmo lugar, día e hora da realización da proba extraordinaria.

**MATERIAL DIDÁCTICO:**

Libro de texto e calculadora, diariamente. Figuras xeométricas, instrumentos de debuxo e medida, programas de ordenador...

**SAÍDAS EDUCATIVAS PREVISTAS:**

As organizadas polo DACE

PROFESOR DA MATERIA:

Darío Suárez Pérez

